

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 22 DE XULLO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintedous de Xullo de mil novecentos noventa e seis; ás duas da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez. -
Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-
los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 15 de Xullo.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos de común e sen perxuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A **Don Manuel Garcia González**, representante do Banco Central Hispano Americano, con domicilio na rúa Progreso 38, desta vila, para que poida proceder o acondicionamento de local para oficina bancaria na rúa Progreso nº 38, desta vila; a Comisión de Patrimonio sinala que a limpeza da fachada non sexa agresiva e que debería utiliza-la reixa do caixeiro automático actual para

a nova ubicación deste na rúa progreso; as follas das portas exteriores non podrán sobrepasar na súa apertura a línea exterior da fachada. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Prácticase a liquidación provisional ós efectos do Imposto de Construccions, Instalacions e Obras desta licencia, o cal importe é de 497.783 pesetas.

A **Don Ramón Martínez Miguelez**, con domicilio na rúa San Francisco, nº 6, desta vila, para que poida proceder a rehabilitación dun edificio para vivendas e locais sito na rúa Norte nº 1, desta vila; a Comisión de Patrimonio sinala que as chemineas e conductos de ventilación sexan retirados da liña frontal de modo que non se vexan dende a rúa, o cal debera axustarse o proxecto; a vivenda situada no baixo cuberta no podera superar a cota 10,75 metros; as luces públicas da fachada substituiranse por unha farola de pé no frontal e farol na parede da rúa Corral, segundo prototipo do Casco Histórico; depositara unha fianza de 200.000 pesetas para responder da reposición dos servicios e urbanización. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Prácticase a liquidación provisional ós efectos do Imposto de Construccions, Instalacions e Obras desta licencia, o cal importe é de 567.985 pesetas.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Non houbo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas do Abastecemento de Santa Cristina e, do abastecemento de Ribadavia.

Da farmaceutica titular, partes quincenais da cloración de augas de abastecemento de consumo público de Santa Cristina e do abastecemento de Ribadavia.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Examinadas as liquidacions do Imposto Municipal do Valor dos terreos de Natureza Urbana practicadas pola Intervención, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ás que de seguido se relacionan: Expte.4/96 por venda

de inmobile a CONSTRUCCIONES LUMAVI S.L. representada por Don Manuel Rodríguez Casas, con domicilio en Avda. de Portugal 93, 2º, Ourense, por importe de 61.208 pesetas.

ORGANIZACION MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 1996.- A Comisión Municipal de Gobierno, por unanimidade, acorda aprobar os contratos de espectáculos teatrais coas compañías seguintes, segundo o teor literal que se acha nos respectivos expedientes: TRASPASOS KULTUR (Pais Vasco), día 20 de Xullo de 1996; TXO TITERES (Pais Vasco), días 20 e 21 de Xullo de 1996; ANDREA DODORICO (Madrid), día 21 de Xullo de 1996; DELIRIUM TEATRO (Canarias), día 22 de Xullo de 1996; ANCORA (Galicia), día 23 de Xullo de 1996; KUKAS PRODUCCIONES ARTISTICAS (Galicia), días 22,23 e 24 de Xullo de 1996; TE-ATROZ (Andalucía), día 24 de Xullo de 1996; ESPELLO CONCAVO (Galicia), día 25 de Xullo de 1996; TANTTAKA (Pais Vasco), día 26 de Xullo de 1996; LES FOUNANMBULES (Belxica) , día 27 de Xullo de 1996; HORS STRATE (Francia), días 26 e 27 de Xullo de 1996; TEATRO DO AQUI (Galicia), día 28 de Xullo de 1996.

A Comisión Municipal de Gobierno, por unanimidade, acorda aproba-lo presuposto a cargo de LORMAN, Produccions Artísticas, con motivo da XII Mostra Internacional de Teatro, por importe de 2.235.000 pesetas, IVE non incluído, por montaxe de luz e sonído.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as dúas e media da tarde, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.